Ourense 8 do Nadal do 1969

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Inda non tiven vagar pra lle agradecere o regalo e adicatoria de separata do seu fermoso e ricas traballo do volume de C. de E. G. consagrado ó Presidente. Xa o teña gostado. É un bon doblón ou ouro lexítimo de aportación ó tesouro mais cobizado polos amadores da Galiza e mestre por outros: feitos novos, recantos alumiados, somas con esqueleto e corazón. Os amigos remataron eiquí as miñas do mesmo volume. Procurarei si fica algunha

Vide con moito pesadume de traballo. Pro desenrolar leiciós sobre a Galiza na Universidade debe ser un engado, un feitizo.

Nós como sempre subindo e baixando. Cando en Trasalba, cando eiquí. Escribo e folleo libros, e as veces como a vello cedo a pasaxeiras e ventureiras "somatas" no

AC
112 1191-3

mesmo recanto onde foi tantas xeneracións ¡teño nado. Sin o procurar veume ás maus entre renques de volumes un exemprar do meu xa vello "Libro dos amigos". E cos meus recordos emestados ó seu redor chegaba a tres tantos.

Coido dar unha volta polas Rúas pró xaneiro. Entón falaremos. Precisaba consultarlle algunhas cousas e dúbidas. Fique pra entón

Saudos a dona - b. s. p. p. - e ás fillas e netos. Xa unha nova constelación boreal. Con memorias de Pita pra Vdes.

Sempre vello amigo e admirador con apertas fondas

Ramón Otero Pedrayo